

## Acto de apertura do Curso Académico 2016-2017

\*\*\*\*\*

Apertura do acto e saúdo

Intervención do Director do Conservatorio Superior de Música de Vigo,  
D. Esteban Valverde Corrales

Intervención do Concelleiro de Seguridade e Mobilidade do Concello de  
Vigo, e Diputado Provincial, D. Carlos López Font

Intervención do Secretario Xeral de Cultura da Xunta de Galicia,  
D. Anxo Lorenzo Suárez

\*\*\*\*\*

### Concerto

Coral Casablанда e Orquestra Sinfónica do CSMVigo

*Coro di Schiavi Ebrej*, de "Nabucco". G. Verdi

*Humming Chorus*. G. Puccini

*Gli Arredi Festivi*, de "Nabucco". G. Verdi

*Coro di Zingari*, de "Il Trovatore" G. Verdi



Coral CASABLANCA e Orquestra do CSMVigo



## Coral Casablanca de Vigo

Director: Oscar Villar

A *Coral Casablanca* fundouse no 1957, dirixida polo Padre Javier de Madrid. Entre 1966 e 2011 formou parte da área cultural do Círculo Mercantil de Vigo, pasando na actualidade a ser xestionada por unha fundación propia. Na súa longa traxectoria foi dirixida por Francisco Rey Rivero e actualmente por Oscar Villar Díaz, quen obtivo polo seu labor musical a *Medalla de Galicia* en 2005. Ten actuado en lugares de toda España, ademais de en Francia, Portugal, Bélxica ou Alemaña, destacando os concertos ofrecidos no *Palau da Música Catalana* (Barcelona), Catedral de Bruselas (Europalia 85), Catedral de L'Orient, Teatro Comunale de Estrasburgo, Festival Internacional de Bakio, (Vizcaya), Festival Internacional de Cantonigrós (Cataluña), ou Festival "Arco Atlántico-2015" (Gijón). Ten sido conducida por directores como Nino Bonavolonta (Orquestra Sinfónica de Cagliari), Zenaida Castro Romeu (Orquestra de La Habana e da Camerata Romeu), Maximino Zumalave (Real Filharmonía de Galicia) ou Fernando Malvar-Ruiz (*American Boychoir*). Asemesmo ten acompañado a importantes solistas e participado na produción de óperas como "El Monte de las Ánimas" de A. Rodríguez Losada, ou "Nabucco" e "La Forza del Destino" de G. Verdi. Comprometidos coa mellora constante, a coral organiza regularmente cursos de formación e perfeccionamento con destacados profesores de prestixio internacional. Desde 1991 realiza producións con unha orquestra integrada por profesores de Conservatorios e Escolas de Música de Galicia e Norte de Portugal.

Ao longo da súa traxectoria a *Coral Casablanca* ten acadado premios en prestixiosos certames como os de Torrevejeja, *Canción do Mar* de Ferrol, concursos de corais de Pontevedra e Santiago de Compostela, Radio Televisión Española, así como notables recoñecementos honoríficos: *Festival de Polifonía de Mieres*, *Semana Musical de Candás (Asturias)*, *Fundación Gulbenkian de Lisboa*, *Festival Celta de L'Orient, (Francia)*, etc. Polo seu labor cultural e artístico, ten sido distinguida coas medallas do Concello de Castelldefels (Barcelona), da Casa de Galicia en Barcelona e do Círculo Mercantil e Industrial de Vigo; co *Master Honorífico de Popularidad (1993)* ou coa *Vieira de Honor a la Calidad Artística*. Destacan as distincións da propia cidade e da provincia: *Premio Reconquista de Vigo*, *Vigueses Distinguidos (1998)*, *Premio de Cultura da Diputación de Pontevedra (2008)*, *"Vigueses del Año 2010"* (Atlántico Diario) e xa máis recentemente, coa *Medalla de Oro da Real Academia Galega de las Belas Artes (2010)*.

Ten realizado gravacións como "Ausencia" e "Galicia Esperta", en vinilo, e máis recentemente numerosos Compact Disc: "As Cantigas da Terra e do Mar", "Canticorum Júbilo", "¡Zarzuela, Sí!", "Para siempre Siglo XX" e "Música de Dúas Beiras", así como o DVD: "Belle Pop". No ano 2012 presentaron en Buenos Aires o CD titulado: "Cruzando Puentes", e tamén na Arxentina, presentarán o DVD, "Cruzando Puentes- Conmoviéndonos".

Na actualidade a Coral está conformada por 130 voces, baixo a dirección de Oscar Villar. Está é a primeira vez que actúa conxuntamente coa Orquestra do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

## Orquestra Sinfónica do CSMVigo

Director: Francisco Pérez Rodríguez

A Orquestra Sinfónica do CSMVigo forma parte das actividades académicas e curriculares do centro, estando conformada polo alumnado das especialidades de corda frotada, ventos e percusión, ao longo dos seus estudos superiores. Ademais, participa na actividade da Orquestra Sinfónica ocasionalmente, alumnado doutras especialidades, como canto ou piano, segundo os programas a realizar.

Xunto coa actividade formativa propia do seu carácter curricular, a Orquestra Sinfónica do CSMVigo actúa regularmente fóra da súa residencia, ofrecendo os seus programas en concellos da contorna, e colaborando con institucións e proxectos diversos, nunha aposta firme pola visibilización da súa actividade e por extensión, da de todo o CSMVigo. Neste ano académico, realizará por vez primeira dous encontros en colaboración coa Orquestra Sinfónica do Conservatorio Superior de Música de A Coruña, que se sustanciarán en senllos concertos nas dúas cidades: novembro de 2016 en A Coruña e abril de 2017, en Vigo.

**Violines I:** Raquel Fdez. (concertino) Irene Lorenzo, Marína Ortíz, Carolina Maia, Ignacio Carnota Juan Pérez, Emma Alonso.

**Violines II:** Andrea Rubio, Alba Martínez, Tatiana Cidrás, Ana Lobo, M<sup>a</sup> Lourdes Olbés, Mariana Boedo, Nuria Buceta.

**Violas:** Sandra Pérez, Mirian Buceta, \* Javier Escobar.

**Violonchelos:** Iraxe Paredes, Sandra Carballo, Eva Fdez, María Barajas, Laura Alonso

**Contrabajos:** Diego De Lera, Carmen D.Mora, \* Juan Carlos Villar.

**Flautas:** Pablo Rouco, Lucía Lugrís, Rita Da Silva, Aurora Canabal.

**Oboes:** Martín Alves, Brais Troncoso.

**Clarinetes:** Ignacio Da Vila, Juan Álvarez, Raúl Reyes.

**Fagotes:** Isis Figueiras, Diego Fdez.

**Trompas:** Angela Freiría, Zoe Figueiras, Gian Luca Barreto, Manuel Lizul.

**Trompetas:** Rodrigo Iglesias, Adán Fdez, Jesús Tenorio, Pablo Glez, Andrés Chavete.

**Trombones:** Helder Oliveira, Eloy Carrera, Luciano Martins.

**Tuba:** Víctor Amorín.

**Percusión:** Noelia Leite, Andrés Bernárdez, Adrián Alonso, Pablo Blanco, Manuel Fdez, Joaquín Sanchis, Jose Luis Docampo.